



O SIGNIFICADO E O ACENTO



"Letras" (Suredram MP, Unsplash)



ÍNDICE

O significado E o acento

1. Que é a semántica?.....	1
1.1 As relacións semánticas.....	1
1.2 Sinonimia.....	2
1.3 Antonimia.....	2
<i>Exercicios</i>	2
2. A acentuación.....	5
2.1 Regras xerais de acentuación.....	5
2.2 Acentuación de <i>i, u</i> en hiato.....	6
<i>Exercicios</i>	6
SOLUCIÓN.....	8


1. Que é a semántica?

A palabra semántica está formada polo prefixo grego *sema* que ten valor de signficiado, por tanto, a **semántica** é a disciplina lingüística que se encarga do estudo do significado das palabras e as súas relacións. Entón, cómpre preguntarnos o seguinte: que é o significado?

Tradicionalmente defínese o **significado** como a idea mental que temos dunha cousa. Estas ideas compártenas os falantes a través do emprego de signos lingüísticos.

Despois de moitos anos de estudo por diferentes autores e autoras, hoxe en día para definirmos o que é o **signo lingüístico** é necesario partir dun modelo triangular en que se relacionan: significado, significante e referente.

- **Significado:** é o concepto, a idea mental.
- **Significante:** é o nome, a palabra que nos producimos ao falar ou escribir.
- **Referente:** obxecto ou elemento real sobre o que se fala.



Por exemplo, para *mazá* o seu significante é a súa pronuncia [ma'θa] ou escrita <m+a+z+a>, o significado é 'froito da maceira comestible' e o referente a mazá real.

1.1 As relacións semánticas.

As relacións de significado que se establecen entre as diferentes palabras ou signos lingüísticos reciben o nome de **relacións semánticas**. Estas son as relacións que imos traballar:

- **Sinonimia:** semellanza de significados entre dúas palabras ou máis. Exemplo: casa-vivenda.
- **Antonimia/oposición:** oposición de significado entre dúas palabras ou máis. Exemplo: alto-baixo.
- **Polisemia:** unha palabra con varios significados. Exemplo: banco 'asento de madeira', 'mesa', 'lugar onde sentan os acusados nun xuízo', 'entidade financeira'...
- **Homonimia:** palabras de orixe diferente que converxen na forma. Exemplo: tea 'facho' e 'tecido'.



- **Hiperonimia:** relación xerárquica de significando pola cal un significado xenérico inclúe significados máis específicos. Exemplo: deporte-fútbol, baloncesto, atletismo...

1.2 Sinonimia.

A **sinonimia** é a relación semántica que se basea na semellanza de significados entre palabras. Esta semellanza pode ser total ou parcial e isto depende do contexto comunicativo.

- **Sinonimia total:** os sinónimos poden intercambiarse en calquera contexto. Por exemplo, *beizo* e *labio* son sinónimos totais.

Deulle un bico nos *beizos/labios*.

- **Sinonimia parcial:** os sinónimos poden intercambiarse só nalgún contexto. Por exemplo, *encher* e *fartar* son sinónimos parciais.

Encheuse/fartouse de tanto comer.

*Encheul*fartou* todo o depósito.

Só son sinónimos no primeiro contexto.

1.3 Antonimia.

En xeral, denomínase **antonimia** a toda relación de oposición ou contrariedade de significados, mais para sermos exactos a antonimia é un tipo específico de oposición de significado. Con todo, está xeneralizado chamarlle a todos antónimos. A antonimia é o fenómeno contrario á sinonimia. Así, podemos distinguir diferentes tipos de termos opostos:

- **Antónimos:** significado oposto que permite unha gradación. Son os dous polos dunha escala. Exemplos: quente-frío, caro-barato.
- **Complementarios:** significado oposto en que a negación dun implica a afirmación do outro. Exemplos: vivo-morto, dentro-fóra.
- **Recíprocos:** significado oposto en que un implica ao outro. Exemplos: tía-sobriña, comprar-vender.



EXERCICIOS

Exercicio 1

Achega un sinónimo para cada unha das seguintes palabras.



PALABRA	SINÓNIMO
alegre	
apurado	
paseo	
erro	
vivenda	

Exercicio 2

Une a columna da dereita cos sinónimos da columna da esquerda.

- Contento
- Andar
- Fermoso
- Rematar
- Axuda
- Pequeno
- Falar
- Traballo
- Conversar
- Pasear
- Bonito
- Labor
- Satisfeito
- Colaboración
- Concluir
- Miúdo

Exercicio 3

Achega un termo oposto para cada unha das seguintes palabras.

PALABRA	OPOSTO
aceptar	
quente	
nai	
nenó	
enferma	

Exercicio 4

Clasifica os seguintes termos opostos.

- a) Dar-recibir
- b) Alto-baixo
- c) Saber-ignorar
- d) Aprobada-suspensa
- e) Pregunta-resposta

2. A acentuación.

A **sílaba tónica** é a sílaba que se pronuncia con máis forza ou intensidade dentro dunha palabra. Por exemplo, na palabra *casa* a sílaba tónica é *ca*, **ca**-sa.

As **reglas de acentuación** serven para recoñecer na escrita a sílaba tónica das palabras. Isto non quere dicir que todas as sílabas tónicas leven acento gráfico. Por exemplo, a palabra *corazón* leva acento gráfico na sílaba tónica (zón) mais a palabra *papel* non leva acento gráfico na sílaba tónica (pel).

Segundo a sílaba tónica diferenciamos tres tipos de palabras:

- **Agudas:** a sílaba tónica é a última. Exemplos: *corazón*, *papel*
- **Graves:** a sílaba tónica é a penúltima. Exemplos: *fértil*, *lapis*
- **Esdrúxulas:** a sílaba tónica é a antepenúltima. Exemplos: *tónica*, *árbore*

Para sabermos cando debemos acentuar as palabras debemos coñecer cales son as normas que regulan a acentuación.

2.1 Regras xerais de acentuación.

Segundo se recolle nas *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego* as **reglas xerais de acentuación** son as seguintes:

	Acentúanse	Non se acentúan
Agudas	Rematadas en vogal, -n, -s ou -ns: <i>camión</i> , <i>mazá</i> , <i>balóns</i> .	Monosílabos: <i>mel</i> , <i>sal</i> . Rematadas en ditongo decrecente: <i>despois</i> , <i>animais</i> , <i>bailou</i> .
Graves	Rematadas en consoante distinta de -n ou -s: <i>cráter</i> . Rematadas en ditongo decrecente: <i>amábeis</i> . Rematadas en grupos consonánticos distintos: <i>bíceps</i> .	Rematadas en vogal, -n, -s ou -ns: <i>mestra</i> , <i>lapis</i> , <i>dolmens</i> .
Esdrúxulas	Todas levan acento gráfico: <i>lágrima</i> , <i>máquina</i> .	



2.2 Acentuación de *i, u* en hiato

O ***i*** e ***u*** **tónicos** acentúanse para marcar que pertencen a sílabas diferentes e que non forman ditongo, é dicir, forman **hiato(*)**.

Exemplos: *raíz, muíño, baúl...*

(*) Lembra a distinción entre ditongos e hiatos:

- **Ditongos:** dúas vogais na mesma sílaba, unha ten que ser pechada (i, u) e outra aberta (a, e, o). Exemplos: **pau**, **lei-te**, **a-ni-mais**.
 - Ditongos **crecentes:** vogal pechada + vogal aberta (o ditongo "crece"). Exemplos: **iate**, **ambiente**, **naufraxio**.
 - Ditongos **decrecentes:** vogal aberta + vogal pechada (o ditongo "decece"). Exemplos: **ouro**, **animais**, **chapeu**.
- **Hiatos:** dúas vogais seguidas que forman sílabas diferentes, poden ser dúas vogais abertas (**a-re-a**) ou cando unha vogal pechada é tónica e, como vemos neste apartado, leva acento (**mu-í-ño**, **ra-íz**)



EXERCICIOS

Exercicio 5

Clasifica as seguintes palabras segundo a súa sílaba tónica.

camión – lapis – corazón – mágoa – móbil – animais – cráter – papel – tépedo - bíceps

AGUDAS	GRAVES	ESDRÚXULAS

Exercicio 6

Acentúa ou non as palabras da lista.

- | | |
|------------|-------------|
| 1. compas | 6. mobil |
| 2. lume | 7. cafe |
| 3. leon | 8. paxina |
| 4. arbore | 9. facil |
| 5. animais | 10. cancion |



Exercicio 7

Xustifica a acentuación ou non das seguintes palabras.

Ex. Bágoa: acentúase porque é unha palabra esdrúxula e todas se acentúan.

- a) Lágrima
- b) Saída
- c) Mel
- d) Cráter
- e) Canción



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

PALABRA	SINÓNIMO
alegre	ledo/a
apurado/a	rápido/a
paseo	camiñada
erro	fallo
vivenda	casa

Exercicio 2

- Contento: satisfeito
- Andar: pasear
- Fermoso: bonito
- Rematar: concluír
- Axuda: colaboración
- Pequeno: miúdo
- Falar: conversar
- Traballo: labor

Exercicio 3

PALABRA	OPOSTO
aceptar	rexear/negar
quente	frío
nai	filla/o
nen	vello
enferma	sa



Exercicio 4

Dar-recibir: recíprocos.

Alto-baixo: antónimos.

Saber-ignorar: complementarios.

Aprobada-suspensa: complementarios.

Pregunta-resposta: recíprocos.

Exercicio 5

AGUDAS	GRAVES	ESDRÚXULAS
Camión, corazón, papel.	Lapis, móbil, cráter, bíceps.	Mágoa, tépedo.

Exercicio 6

Compás, lume, león, árbore, animais, móbil, café, páxina, fácil, canción.

Exercicio 7

- Lágrima: acentúase porque é esdrúxula, todas se acentúan.
- Saída: acentúase porque é hiato, a vogal pechada i é tónica.
- Mel: as palabras monosílabas non se acentúan.
- Cráter: acentúase porque é grave rematada en consoante distinta de -n, -s ou -ns.
- Canción: acentúase porque é aguda rematada en -n.